

PRETO DE TRESCENTAS MIL PERSOAS ACOMPAÑARON AO CRISTO DE LA VICTORIA

Preto de 300.000 persoas acompañaron ao Cristo de la Victoria, como vén sendo habitual, durante case catro horas polas rúas de Vigo.

A devoción ao Cristo de la Victoria remóntase ao século XVIII e desde 1810 vén celebrándose anualmente a procesión na que a vila de Vigo, bisbarra e outras poboacións da provincia e incluso do norte de Portugal veneran a súa imaxe.

Durante a procesión Cáritas Diocesana realiza unha colecta cuxo destino é o de axudar as persoas máis necesitadas e que este ano acadou a cifra de **8.013,57€**. Desde aquí agradecemos a caridade e solidariedade dos habitantes de Vigo que neste ano no que a crise económica fai falta en moitas familias e persoas responden con maior gratuidade.



MANS UNIDAS INVESTIU 46 MILLÓNS DE EUROS NO 2008 EN PROXECTOS DE AXUDA AO TERCEIRO MUNDO

Mans Unidas investiu no 2008 46.717.869,50€ en 774 proxectos de axuda ao terceiro mundo, dos cales 8.222.074, 28€ fórono en 94 proxectos agropecuarios, 7.874.782,67€ en 125 proxectos sanitarios, 14.040.959,57€ en 273 proxectos educativos, 11.431.412,82€ en 163 proxectos de promoción social e 5.148.640,16€ en 119 proxectos de promoción da muller.

Ao longo de 50 anos de existencia, Mans Unidas contribuíu, coa axuda de Deus e da solidariedade de moita xente, a ese gran milagre de salvar vidas e de restituír a dignidade que as persoas merecen como tales e como fillos de Deus.

En palabras de Juan José Omella Omella, Bispo Consiliario de Mans Unidas, ***“unha fórmula moi sinxela para canalizar o noso compromiso co irmán que carece do imprescindible, co máis pobre de entre os pobres, é apoiar ás institucións que levan moitos anos comprometidos con esta causa, como no caso de Mans Unidas”***.

O 77,7% dos ingresos proceden do sector privado e o 22,3% do sector público, investíndose un 39,4 en África, un 35,66% en Asia, un 24,68% en América e un 0,26% en Oceanía.

CÁRITAS PERÚ INVESTIU DIEZ MILLONES DE EUROS EN LA RECONSTRUCCIÓN Y MEJORAS DE LAS CONDICIONES DE VIDA DE LAS VÍCTIMAS DE TERREMOTO QUE ASOLÓ ESTE PAÍS EN AGOSTO DE 2007

Despois de dous anos de intenso traballo e unha vez superada a fase de axuda de urxencia Cáritas Perú está traballando activamente na execución e peche do Programa de Reconstrucción Integral, cuxo obxectivo é contribuír ao proceso de reconstrucción e mellora das condicións de vida das familias afectadas polo terremoto.

Este programa conta con varias liñas de intervención:

- Reconstrucción de escolas, equipamento e formación aos docentes para atender a situación especial que viven estes nenos desde fai dous anos.
- Reconstrucción de vivendas para dotar ás familias damnificadas da posibilidade de acceso a vivendas saudables e seguras. Na actualidade 818 familias beneficiáronse de módulos de vivendas.
- Mellora de actividades económicas produtivas, orientación ás familias damnificadas para que conten con recursos e melloren a súa actividade produtiva e a súa inserción no mercado, promovendo a creación de microempresas de bens e servizos e a reconstrucción agropecuaria...
- Saúde e nutrición, para mellorar a prevención e a saúde dos nenos menores de tres anos e as nais, incidindo especialmente na vixilancia da nutrición, promoción de produción familiar para autoconsumo, creación de espazos, vivendas, municipios, comunidades e escolas accesos a servizos de saúde con máis calidade e accesibilidade para todos.
- Auga, saneamento e medio ambiente, orientado a mellorar o acceso á auga potable, mellora e construción de sistemas de auga, fortalecemento das capacidades das Xuntas Comunais, administracións e tratamento axeitado da auga e instalacións de viveiros forestais e promoción de plans de reforestación e protección de fontes e manexos sostibles da auga.
- Fortalecemento da organización e capacidades locais, capacitación en prevención, mitigación, alerta temperá e resposta aos desastres, fortalecemento das Cáritas Diocesanas.

Con todas estas actividades a rede Cáritas quere contribuír a unha reconstrucción que dote ás persoas afectadas por este terremoto dunhas condicións de vida mellores, que xeren sostibilidade e que axuden a saír da vulnerabilidade a todas as persoas afectadas.

Cáritas, quere render contas neste segundo aniversario e así agradecer a toda a sociedade do noso país, unha vez máis a súa confianza, e ao mesmo tempo chamar a atención para que as consecuencias deste desastre non caian no esquecemento.

Recepción de donativos na conta de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo
Caixanova: 2080/0000/75/0040250250

www.caritastui-vigo.org

É a páxina web de Cáritas Diocesana que pretende utilizar este medio actual para dar a coñecer o labor de Cáritas.